


INFORMACIÓN PARA OS EQUIPOS

Xuntamos neste documento toda a Información Organizativa da VIII MorañaCUP para que todos os equipos poidan organizarse do mellor xeito posible.

Tendo en conta que van participar 28 equipos, o Moraña C.F. habilitou no Campo de O Buelo e nos seus arredores todas as infraestruturas que o Concello nos facilitou para facer o máis doada e cómoda posible a participación de todos os equipos.

MAPA DAS INSTALACIÓNS





ASIGNACIÓN DE VESTIARIOS

Cada Equipo contará cun voluntario da Organización que os acompañará en todo o Torneo e lles dará todo o apoio necesario. Calquera necesidade ou problema será resolta pola Organización a través deste voluntario.

VESTIARIO 1: ACD A SECA

VESTIARIO 6: CD RIBADUMIA E SD MONTEPORREIRO

VESTIARIO 2: CALDAS CF

VESTIARIO 7: BARRO CF, AJ LÉREZ E CD ARCADE

VESTIARIO 3: JUV. CAMBADOS

VESTIARIO 8: SAN MARTÍN CF

VESTIARIO 4: CFB POIO

VESTIARIO 9: ATL. CUNTIS CF E SD PUENTEARNELAS

VESTIARIO 5: PONTEVEDRA CF

VESTIARIO 10: MORAÑA CF

INFORMACIÓN E NORMAS DA COMPETICIÓN

A MorañaCUP xógase en 3 categorías distintas, en formato de F8 e coas seguintes normas:

- Categoría prebenxamín:

Dous grupos de 3 equipos que xogan unha liga de todos contra todos.

- Os 3º de cada grupo, xogan entre eles o 5 e 6º posto
- O 1ª de cada grupo xoga contra o 2º do outro grupo a semifinal.
- Os que pasen, xogan a final e os que non, 3º e 4º posto.

- Categorias benxamín e alevín:

Os grupos 1 e 2 están formados por 3 equipos que xogan unha liga de todos contra todos.

O grupo 3 está formado por 5 equipos que xogan unha liga de todos contra todos.

- O 1º do grupo 1 enfróntase ao 3º do grupo 3, e o 1º do grupo 2 enfróntase ao 4º do grupo 3 nos primeiros cuartos de final.
- O 2º do grupo 1 enfróntase ao 1º do grupo 3, e o 2º do grupo 2 enfróntase ao 2º do grupo 3 nos segundos cuartos de final.
- Os vencedores deses cuartos de final enfróntanse entre eles nas semifinais.
- Os 3º dos grupos 1 e 2 e o 5º do grupo 3 xogan entre eles unha liga de todos contra todos para dilucidar os postos 9º, 10º e 11º.



- Os perdedores dos anteriores cuartos de final enfróntanse entre eles nas semifinais de consolación.
- Os perdedores das semifinais de consolación enfróntanse entre eles na final de consolación para dilucidar o 7º e 8º posto..
- Os vencedores das semifinais de consolación enfróntanse entre eles na final de consolación para dilucidar o 5º e 6º posto.
- Os perdedores das semifinais enfróntanse entre eles na final de consolación para dilucidar o 3º e 4º posto.
- Os vencedores das semifinais disputarán entre eles a final para dilucidar o campión e subcampión desta 8ª Moraña Cup.

Todos os partidos serán de **25 minutos** a tempo **corrido**.

A clasificación nos grupos guiarase pola suma de puntos (3 vitoria, 1 empate, 0 derrota). En caso de empate a puntos, manda o resultado directo entre os equipos empatados. Se non se resolve, mirarase o golaverage xeral. En caso de non resolverse miraranse os resultados dos penaltis entre os equipos empatados.

Despois de **cada partido** tiraranse **3 penaltis**.

Nos cruces soamente se tirarán penaltis en caso de empate.

VIII Moraña Cup 55º Aniversario 2024.

17 e 18 de maio de 2024.